



**BASES REGULADORAS DAS AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos anos a traxectoria deportiva de varios clubs e deportistas de Oleiros ven experimentando unha importante progresión desde o punto de vista do rendemento deportivo e polo tanto tamén na consecución de importantes logros nas competicións nas que participan.

Unha das liñas básicas da política deportiva municipal é o fomento do deporte de base. Os instrumentos para iso son fundamentalmente as axudas económicas directas aos clubs, programas de torneos base, programas de dinamización deportiva no eido escolar e posta a disposición dos clubs deportivos dunha importante rede de instalacións e dotacións deportivas ( campos de fútbol, pavillóns deportivos, piscinas, ximnasios, náuticos, etc...).

Para dar continuidade a esta liña básica, o Concello de Oleiros tamén quere recoñecer e prestar o seu apoio a deportistas oleirenses que compiten a nivel internacional, así como a deportistas pertencentes a clubs do Concello que acadan logros importantes en campionatos de ámbito estatal.

O obxectivo fundamental é o recoñecemento ao esforzo persoal, a constancia no traballo, ao compromiso consigo mesmo e cos compañeiros, e sobre todo o reforzo á continuidade e consolidación da práctica deportiva destes rapaces e rapazas. Ao mesmo tempo tampouco podemos ser alleos ao esforzo de moitas familias que acompañan aos seus fillos e fillas neste camiño de formación persoal por medio do rendemento deportivo. Este esforzo en moitas ocasións se traduce tamén en esforzo económico derivado dos desprazamentos que teñen que realizar para participar nas competicións, dado que non sempre desde as respectivas federacións ou clubs cobren todos os gastos derivados dos desprazamentos para participación nas correspondentes probas deportivas.

Conscientes da importancia que as circunstancias sinaladas teñen para este Concello, consideramos que debemos seguir colaborando con estes deportistas, coa convocatoria de axudas para asistir a campionatos de carácter internacional e a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal.

**I.- Obxecto da subvención**

1. É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas a deportistas do Concello de Oleiros seleccionados para participar en eventos deportivos oficiais de carácter internacional, así como deportistas que acudan a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal e acaden algún dos 3 primeiros postos,

Son competicións subvencionables as que se celebren ou se teñan celebrado entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019.

Quedan excluídos da convocatoria aqueles eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor, así como a categoría de veteranos de calquera competición.



2. As axudas son individuais e serán concedidas exclusivamente por:

a) Participar en competicións deportivas oficiais de carácter internacional que contén con federación deportiva galega, española e internacional.

b) Acudir aos campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal en disciplinas que contén con federación deportiva galega e española, competindo na máxima categoría que lle corresponda para idades superiores aos 16 anos (a cumprir no 2019) ou en categoría absoluta/elite, e obtendo algún dos 3 primeiros postos.

3. As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48902, ata o límite que se dispoña na convocatoria, tendo en conta que o importe máximo a adicar a deportistas que compitan en modalidades de equipo non poderá exceder do 25% do importe total da convocatoria.

## **II.- Convocatoria**

A convocatoria será aprobada pola Alcaldía e publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da BDNS, de acordo co prescrito pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Centro Cultural "A Fábrica" e na páxina web do Concello.

## **III.- Requisitos dos beneficiarios**

Poderán solicitar estas axudas os deportistas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Estar empadroados no Concello de Oleiros cunha antigüidade mínima de 3 anos.
2. Estar en posesión de licenza federativa en vigor na disciplina deportiva correspondente.
3. Cumprir algún dos seguintes requisitos de participación:
  - a. Competicións internacionais: Ter sido seleccionado pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións oficiais de ámbito internacional.
  - b. Competicións de ámbito estatal.- ter obtido algún dos tres primeiros postos en Campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal.

Enténdese por campionato oficial o que é organizado e promovido directamente desde a federación deportiva correspondente. Agás nos casos de Campionatos de España, de Europa, do Mundo e Xogos Olímpicos, os deportistas deberán acreditar o carácter oficial da competición para a que soliciten axuda (Opens, Copas, Torneos, etc).

4. Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor da Facenda Municipal.

O empadramento e o estado das débedas coa Facenda Municipal comprobaranse de oficio.



#### **IV.- Obrigas dos beneficiarios**

1. Ademais dos requisitos recollidos no punto III, os deportistas beneficiarios desta subvención, deberán comprometerse a facer constar en calquera tipo de comunicación que realicen (sexa en soporte tecnolóxico ou impreso) a financiación pública da actividade subvencionada por parte do Concello, ben mediante unha mención expresa ou ben mediante a exposición do logotipo municipal "Concello de Oleiros".

Considerarase suficiente a estes efectos a utilización do dito logotipo de xeito claramente visible nas súas equipacións de competición, ben na vestimenta ou no material a empregar durante a competición internacional para a cal se solicitou a axuda.

2. En caso de imposibilidade de efectuar a publicidade por calquera dos xeitos sinalados, estarase ao disposto no artigo 31.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **V.- Solicitudes**

1. As solicitudes deberán presentarse ante o rexistro do Concello de Oleiros sito no Centro Cultural "A Fábrica" (Rúa do Inglés, 13 – 15172, Perillo), no modelo normalizado que se inclúe nestas bases como Modelo 1.

2. O prazo de presentación de solicitudes será ata o 7 de outubro de 2019.

3. A Administración poderá demandar dos solicitantes a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión da axuda.

4. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- En todos os casos:
  - ✓ Fotocopia do DNI/NIE do solicitante ou do seu representante legal (pai, nai ou titor).
  - ✓ Licencia federativa en vigor.
  - ✓ Datos identificativos da conta na que desexa percibir a axuda (IBAN), mediante fotocopia compulsada da cartilla ou certificado expedido pola súa entidade bancaria. O solicitante deberá ser titular ou cotitular da mesma.
  - ✓ Documento que acredite o carácter oficial da competición, no seu caso, de acordo co previsto no parágrafo III.3.
- Competicións internacionais, ademáis:
  - ✓ Copia compulsada do Documento federativo que acredite que o deportista solicitante foi seleccionado pola respectiva federación para competir na competición internacional para a que solicita a axuda e o lugar no que se vai a desenvolver.



- Competicións estatais, ademáis:
  - ✓ Copia compulsada do Documento federativo que acredite que o deportista solicitante obtivo algún dos tres primeiros postos na correspondente competición oficial de ámbito estatal.
  - ✓ Acreditación do número total de participantes na competición de ámbito estatal (ben mediante certificación federativa ou ben por calquera outro medio que o órgano concedente considere admisible).

5. Poderá aportarse xunto coa solicitude a documentación xustificativa que se sinala na cláusula X destas bases.

6. Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **VI.- Contía das axudas a deportistas que acudan a campionatos internacionais.**

1. As axudas a ascenderán aos seguintes importes, que se sumarán, no seu caso:

1º.- Importe en función da distancia desde Oleiros ao lugar de celebración da competición:

- Localidade que diste de Oleiros entre 500 e 1000 kms.- 300 euros.
- Localidade que diste de Oleiros entre 1001 e 2000 kms.- 400 euros.
- Localidade que diste de Oleiros entre 2001 e 3000 kms.- 500 euros.
- Localidade que diste de Oleiros máis de 3000 kms.- 600 euros.

2º.- Se a categoría da competición é unha das seguintes, aboaranse ademais os seguintes importes:

- Por participar nunha competición oficial denominada " Campionato de Europa" e recoñecido así pola federación internacional correspondente.- 300 euros.
- Por participar nunha competición oficial denominada "Campionato do Mundo" e recoñecido así pola federación internacional correspondente.- 500 euros.
- Por participar nuns xogos olímpicos.- 1.000 euros.

Nestes casos, aboarase a axuda sinalada neste paragrafo aínda que a distancia co lugar de celebración sexa inferior a 500 kms.

2. No caso de asistencia Campionatos de Europa, Campionato do Mundo ou Xogos Olímpicos, poderanse solicitar axudas para máis dunha competición. Nos demais casos, os deportistas só poderán solicitar axuda para unha única competición.



**VII.- Contía das axudas a deportistas que obteñan algún dos tres primeiros postos en campionatos de España ou competicións oficiais de ámbito estatal.**

1.- Os deportistas só poderán solicitar axuda para unha única competición.

2.- Importe en función do resultado da competición:

a) Modalidades de carácter individual:

- 1º posto.- 400 euros.
- 2º posto .- 300 euros
- 3º posto .- 200 euros

b) Modalidades colectivas ou de equipos:

No caso das axudas a deportistas de disciplinas colectivas ou de equipos, as cantidades a outorgar a cada deportista serán as mesmas que nas modalidades individuais, pero cos seguintes límites por equipo:

- 1º posto.- 1.200 euros/equipo.
- 2º posto .- 1.000 euros/equipo.
- 3º posto .- 800 euros/equipo.

En caso de que a cantidade a conceder a varios solicitantes do mesmo equipo exceda destes límites, o importe ratearase entre os/as solicitantes.

3.- Requisitos de acceso ás axudas:

Para acceder ás axudas especificadas neste parágrafo, a competición deberá ter a participación mínima que se sinala a continuación dentro da propia modalidade, sexo e categoría solicitadas:

- 5 deportistas ou equipos en categorías femininas.
- 8 deportistas ou equipos en categorías masculinas.

**VIII. Límites nas axudas.**

1.- No suposto de que o número total de solicitantes que cumpran os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria que se sinala na convocatoria, efectuaríase unha minoración proporcional nos importes das axudas que correspondesen a cada un dos solicitantes e tamén nos límites establecidos por equipo, de acordo cos criterios fixados anteriormente, ata que o importe total da concesión se equipare a dita previsión.

2.- Cada deportista só poderá solicitar axuda por unha das dúas opcións seguintes: ou ben como deportista internacional ou ben por estar clasificado nalgunha das tres primeiras posicións nas competicións de ámbito estatal.

**IX.- Concesión**

1. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:



Presidente: - A Concelleira delegada de deportes.

Vocais: - Técnico Municipal de Deportes.  
- Animador Deportivo.

Secretaria: - Unha das auxiliares administrativas da Asesoría Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego e Xuventude; en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Alcaldía para a súa aprobación.

Será Instrutora do expediente a Concelleira delegada de Deportes.

2. As axudas serán concedidas por Resolución da Alcaldía, que deberá adoptarse no prazo de tres meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude.

3. Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

5. A concesión notificarase aos beneficiarios mediante correo electrónico ao enderezo que eles mesmos facilitaran na súa solicitude e publicarase no taboleiro de anuncios sito nas oficinas administrativas do Centro Cultural "A Fábrica".

6. Asemade, publicitarase nos termos previstos nos artigos 18 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7. De acordo co previsto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, efectuarase a remisión á Base de Datos Nacional de Subvencións da información relativa ás subvencións concedidas.

8. As axudas concedidas ao amparo desta convocatoria serán consideradas, a efectos do IRPF, como rendementos de actividades profesionais, polo que se lles aplicará a retención que corresponda de acordo coa normativa vixente no momento do pagamento.

#### **X.- Xustificación e pagamento**

1. A xustificación deberá presentarse no Rexistro municipal sito no Centro Cultural "A Fábrica", e para a mesma deberán aportarse os seguintes documentos:

- En todos os casos:
  - ✓ Documentación gráfica acreditativa do cumprimento da obriga de publicidade sinalada na Base IV desta convocatoria.



- Competicións internacionais, ademáis:
  - ✓ Certificación expedida pola federación española e/ou galega da disciplina en cuestión, na que conste a participación efectiva do solicitante no campionato internacional para o que se solicitou a axuda, no seu caso.

2. Os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda.

3. O pagamento efectuarase unha vez que fose xustificada a realización da actividade nos prazos e do xeito previsto nos parágrafos anteriores.

Se a xustificación presentada non reúne os requisitos necesarios, estarase ao disposto nos parágrafos 2 e 3 do artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4. De non presentar xustificación ningunha dentro do prazo, declararase ao interesado decaído no seu dereito.

#### **XI.- Normativa reguladora**

A presente convocatoria rexerese por estas Bases e supletoriamente, polas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

\*\*\*\*\*



**MODELO I**

**SOLICITUDE DE AXUDA PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓN DEPORTIVAS. ANO 2019**

**A.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE**

APELIDOS \_\_\_\_\_  
NOME \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
ENDEREZO \_\_\_\_\_  
LOCALIDADE \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_  
TELÉFONO \_\_\_\_\_  
ENDEREZO ELECTRÓNICO \_\_\_\_\_

**B.- DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso)**

APELIDOS \_\_\_\_\_  
NOME \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
ENDEREZO \_\_\_\_\_  
LOCALIDADE \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_  
TELÉFONO \_\_\_\_\_  
RELACIÓN CO SOLICITANTE \_\_\_\_\_  
ENDEREZO ELECTRÓNICO \_\_\_\_\_

**C.- TIPO DE SUBVENCIÓN QUE SOLICITA**

- CAMPIONATOS INTERNACIONAIS
- COMPETICIÓN DE ÁMBITO ESTATAL:
- MODALIDADE INDIVIDUAL
  - MODALIDADE COLECTIVA OU DE EQUIPO

**D.- DATOS DEPORTIVOS**

MODALIDADE DEPORTIVA \_\_\_\_\_  
CLUBE \_\_\_\_\_  
CAMPEONATO AO QUE ASISTE \_\_\_\_\_  
LUGAR DE CELEBRACIÓN \_\_\_\_\_  
DATA DE CELEBRACIÓN \_\_\_\_\_  
POSTO OBTIDO (só en caso de competicións de ámbito estatal) \_\_\_\_\_

**E.- DATOS DA CONTA ONDE DESEXA PERCIBIR A AXUDA.**

NIF DO TITULAR \_\_\_\_\_  
ENTIDADE \_\_\_\_\_  
IBAN \_\_\_\_\_





**Concello de  
Oleiros**

BASES DE EXECUCIÓN

**E.- A CUMPLIMENTAR POR TODOS OS SOLICITANTES**

D./ª \_\_\_\_\_ (deportista ou o seu representante), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que acepta as bases da presente convocatoria.
- 2.- Que non ten débedas pendentes co Concello de Oleiros.
- 3.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4.- Que o importe das subvencións recibidas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas, non supera o custe da actividade subvencionada.
- 5.- Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando enterado de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.
- 6.- Que acepta a notificación da concesión ou denegación da axuda solicitada, así como requerimentos ou calquera outra comunicación que lle efectúe o Concello por este motivo, mediante correo electrónico ao enderezo que se sinala neste documento.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Sinatura

**PROTECCIÓN DE DATOS:** Os datos aportados por vostede neste formulario serán utilizados exclusivamente para a tramitación da subvención solicitada. Advertímoslle que para dita tramitación é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á entidade bancaria que vostede nos sinala, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, e a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información, de acordo coa normativa vixente.

Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e teléfono 981 610 000; enderezo electrónico: [alcaldía@oleiros.org](mailto:alcaldía@oleiros.org)

Pode exercer os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, xa sexa por vía electrónica ou presencialmente.

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>